

ANEXO II

ASPECTOS BÁSICOS DE AVALIACIÓN INICIAL

O punto de partida debería ser a clarificación de conceptos, de tal xeito que se eviten confusións provocadas polo uso dun mesmo termo sen que realmente para todos e todas signifique o mesmo.

Este enfoque necesita da implicación de toda a comunidade educativa, de xeito cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro. As finalidades desta tarefa son:

- compartir os saberes acumulados pola propia comunidade educativa
- reflexionar sobre os diferentes estilos docentes, buscando as posibilidades de mellora individual e colectiva
- analizar procedementos, habilidades e destrezas utilizados na xestión da convivencia das aulas e as súas posibilidades de transferencia a outros contextos.

Un vocabulario básico de traballo podería xirar arredor de: **conflicto, violencia** (física, psicolóxica, doméstica, simbólica, virtual...), **agresividade, agresión, matonismo, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinação, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, resiliencia, civismo, empatía, mediación, colaboración, igualdade...** Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo.

O seguinte paso podería basearse na análise das actuacións desenvoltas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

Tras esta reflexión poderase concluír cal foi o nivel de éxito das actuacións levadas a cabo e ata que punto significaron melloras na convivencia escolar; isto vai permitir a sistematización do que funciona ben, do que podería funcionar mellor, a substitución daquelas medidas que non funcionaron e a busca de novas actuacións non contempladas ata o momento.